



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### CIRCULAR

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

**CAMPIONATO GALEGO DE 1000 METROS RUTA BENXAMIN, ALEVIN E INFANTIL**

**CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE MILLA EN RUTA CATEGORIAS CADETE,**

**XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SENIOR E VETERAN**

**II MILLA URBANA CONCELLO DE PADRON 2012**

**Padrón, domingo 6 de Maio ás 11:00 horas.**

**Art.1)** O domingo 6 de Maio terá lugar o **Campionato Galego de 1000 metros en ruta benxamín, alevín e infantil e o Campionato Galego absoluto de milla en ruta das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa e veterán**. O campionato terá lugar nun circuito homologado na localidade de Padrón (canal de derivación do río Sar). Conxuntamente celebrarase a **II Milla Urbana do Concello de Padrón 2012**.

O evento estará organizado pola **Concellería de Deportes de Padrón** e a **Federación Galega de Atletismo** a través da súa **Delegación en Santiago de Compostela**.

**Art.2)** Poderán participar nos Campionatos Galegos todos aqueles atletas das categorías **benxamín** (2003/04), **alevín** (2001/02), **infantil** (1999/00), **cadete** (1997/98), **xuvenil** (1995/96), **junior** (1993/94), **promesa** (1990/91/92), **senior** (1989 ata <35 anos) e **veterán** según categorías oficiais federadas que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Clube pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola **FGA**, aínda que pertenczan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

A maiores celebraranse fora dos Campionatos Galegos de 1000 m e milla en ruta, unha proba **prebenxamín** (atletas do 2005 e posteriores) e unha **milla popular** na cal poderán participar todos os atletas sen licenza federativa ou aqueles que a posúan e non desexen tomar parte no Campionato Galego. Nas probas benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil dos Campionatos Galegos poderán participar conxuntamente atletas que non posúan licenza federativa pero non poderán optar á premiación do Campionato Galego.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) con data límite o mércores día **2 de Maio** ás 20,00 horas. Tamén poderán enviar as inscricións de escolares (de prebenxamín a xuvenil) e da milla popular masculino e feminino ao correo electrónico [deportes@concellodepadron.es](mailto:deportes@concellodepadron.es) (teléfono de información **627 008 584 / 699 926 983**) incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenza ou seguro escolar, localidade de procedencia e teléfono ou correo electrónico de contacto.

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

**Art.4).** Os atletas, deberán confirmar a súa participación ata 30 minutos antes do comezo da súa proba na secretaría de competición ubicada no circuito. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os dorsais para a competición entregaranse o día da proba na zona do circuito entre as 09:45 horas e as 10:45 horas.

**Art.5).** Os tres primeiros atletas clasificados en cada unha das categorías así como na clasificación absoluta da carreira junior, promesa e senior recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

En todas as probas o Concello de Padrón outorgará medalla os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada proba por categoría e sexo sexan ou non federados

**Art.6)** O horario das probas será o seguinte:

<b>10:30 h.</b>	<b>Prebenxamín</b> mixto
<b>10:40 h.</b>	<b>1000 metros:</b> benxamín-alevín masculino
<b>10:50 h.</b>	<b>1000 metros:</b> benxamín-alevín feminino
<b>11:00 h.</b>	<b>1000 metros:</b> infantil masculino
<b>11:10 h.</b>	<b>1000 metros:</b> infantil feminino
<b>11:20 h.</b>	<b>1609 metros (milla):</b> cadete e xuvenil masculino
<b>11:35 h.</b>	<b>1609 metros (milla):</b> cadete e xuvenil feminino
<b>11:50 h.</b>	<b>1609 metros (milla): Absoluta</b> (junior, promesa e senior masculino)* <sup>1</sup>
<b>12:10 h.</b>	<b>1609 metros (milla): Absoluta</b> (junior, promesa e senior feminino)* <sup>1</sup>
<b>12:30 h.</b>	<b>1609 metros (milla):</b> veteranos masculino
<b>12:50 h.</b>	<b>1609 metros (milla):</b> veteranos feminino
<b>13:05 h.</b>	<b>Milla Popular masculina</b> (junior, promesa, senior e veteranos)
<b>13:20 h.</b>	<b>Milla Popular feminina</b> (junior, promesa, senior e veteranos)

\*1 Nesta milla poderán participar os atletas veteranos que o desexen, optando á clasificación absoluta.

Todos os participantes deberán pasar obrigatoriamente pola Cámara de Chamadas 15 minutos antes da súa proba.

A Organización resérvase a posibilidade de modificar as carreiras segundo a participación, podendo agrupar dúas carreiras ou desdobrar unha en dúas.

PATROCINADORES  
OFICIAIS

caixanova 

PROVEEDOR

 Centro de Especialidades Médicas  
Hospital Santa Teresa  
A Coruña




## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### Art.7) Plano das probas.



**Art. 8)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 17 de abril de 2012

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**

**PROVEEDOR**

**caixanova**

**USP** Centro de Especialidades Médicas  
Hospital Santa Teresa  
A Coruña